

1. SECTOR PRIMARIO. TRABALLAMOS NA NATUREZA

Agrupa os traballos que obteñen materias primas da natureza.

1.1 AGRICULTURA

Os agricultores e agricultoras traballan a terra para obter produtos vexetais como as uvas.

Para iso teñen que preparar a terra, sementala e recolectar.

Os cultivos poden ser de secaño ou de regadío.

Secaño: medran coa auga da chuva

Regadío: precisan que os reguen

1.2.GANDARÍA

Consiste en criar animais para obter produtos deles.

Os animais podéanse criar en granxas (gandaría intensiva) ou ao aire libre (gandaría extensiva)

Segundo o tipo de gando podése clasificar en:

Ovina, bovina, porcina e aviaria.

1.3.PESCA

Consiste en capturar peixes e outros animais acuáticos.

Se pescan no mar é marítima. Se pescan nos ríos chámase fluvial

A marítima pode ser de altura (con grandes barcos e lonxe) ou de baixura (cerca e con barcos pequenos)

2. O SECTOR SECUNDARIO

Inclúe todos os traballos que transforman as materias primas en produtos elaborados. Estes traballos realízanse nas fábricas, nos obradoiros e na construción.

2.1. FÁBRICAS

Nelas traballan moitas persoas con máquinas que funcionan con enerxía.

As fábricas ou industrias poden clasificarse en:

Industrias de base: fabrican produtos para outras industrias os usen como materia prima.

Industrias de consumo: fabrican produtos para vender directamente.

As fábricas adoitan agruparse en polígonos industriais aos que sexa fácil chegar.

Teñen que controlar os fumes e os gases que expulsan para reducir a contaminación.

2.2. TRABALLOS NOS OBRADOIROS

Os artesáns e artesás traballan en pequenos obradoiros coas súas mans e con máquinas simples.

2.3. A CONSTRUCIÓN

Realizan edificios, casas, estradas, pontes... usan ferramentas, materiais como ladrillos e máquinas.

De este traballo encárganse os albaneis, arquitectos, carpinteiros...

3. O SECTOR TERCIARIO

Tamén se chama sector **SERVIZOS**. Encárgase de atender as necesidades que teñen as persoas.

Hai deferentes tipos de servizos como a educación, a sanidade, o comercio, o transporte...

Para isto son necesarias as estradas, os aeroportos, os portos, as vías do tren e edificios como colexios, teatros, centros comerciais, parques de atraccións, hospitais...

4. COMPRAMOS E VENDEMOS

O comercio é unha actividade do sector terciario que consiste en comprar e vender produtos e servizos a cambio de diñeiro.

Interveñen varios elementos:

Produto: o que se quere mercar ou vender. (Barra de pan)

Vendedor ou vendedora (Panadeiro ou panadeira)

Cliente ou consumidor (o que vai a mercar o pan)

Forma de pagamento: diñeiro, tarxeta...

5. O TRANSPORTE

O transporte é o servizo que permite trasladar persoas e mercadorías dun lugar a outro.

Para iso precísanse **infraestruturas**, que son as construcións como estradas, vías de tren, portos, aeroportos...

Os medios de transporte poden ser **terrestres, marítimos ou aéreos.**

6. O TURISMO

O turismo é un servizo que consiste no desprazamento que fan as persoas a diferentes lugares en busca de descanso e diversión.